



Concello de Campo Lameiro

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA DE 2 TRABALLADORES/AS, PARA O SERVIZO “APOIO A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS E LIMPEZA E SERVIZOS DEPORTIVOS DE CAMPO LAMEIRO”, Ó ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2019 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2019

1.- OBXETO DA CONVOCATORIA

As presentes Bases regulan o procedemento selectivo para a contratación laboral temporal, mediante contrato de duración determinada de interese social, de 2 traballadores, coa categoría de monitores deportivos-socorristas, por un período de 2 meses e medio a xornada completa, destinados a prestar os servizos de “APOIO A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS E LIMPEZA E SERVIZOS DEPORTIVOS DE CAMPO LAMEIRO”, ó abeiro do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2019 da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2019, publicado no BOP nº 242 de 18 de decembro.

Segundo se establece na base oitava da convocatoria do citado Plan de obras e servizos, a Oficina de Emprego correspondente remitirá a correspondente relación de candidatos, logo da correspondente oferta de emprego, recaendo no Concello a competencia para efectuar a selección entre estes. Ase mesmo, dacordo ca citada base oitava, a oficina de emprego será a responsable de que os candidatos que envía cumpren co requisito de ser “persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego”.

2.- DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS A DESENVOLVER

O contrato será de duración determinada de interese social, por un período de 2 meses e 2 semanas a xornada completa de luns a domingo.

As funcións dos socorristas serán as propias de seguridade, prevención e salvamento acuático e a de velar polo uso axeitado das piscinas. Concretaranse en:

- Velar en todo momento pola seguridade dos usuarios da piscina.
- Salvamento e aplicación de primeiros auxilios en caso de accidente, responsabilizándose do mantemento completo e en perfectas condicións da caixa de primeiros auxilios da piscina.
- Encargarase do establecemento e do mantemento da vixilancia das condicións de seguridade e hixiene como medidas de prevención de accidentes e enfermidades.
- Atenderá as necesidades propias que requiran os vasos e o seu entorno cercano, tales como limpeza ou calidade da agua
- Coidar que o comportamento dos usuarios se axuste ao disposto na normativa sanitaria vixente e ao regulamento da instalación
- Programar, elaborar e impartir cursillos de natación.
- Programar, elaborar e impartir las sesións de calquera outra actividade deportiva organizada polo Concello para a que estén cualificados.
- E cantas outras funcións relacionadas co seu posto de traballo lle sexan encomendadas polo Concello.

3.- RETRIBUCIÓNS

Concello de Campo Lameiro



Concello de Campo Lameiro

O custo salarial establecido para este contrato laboral, a tempo completo por un período de 2 meses e 2 semanas será de:

Categoría	Retribucións	Cota patronal	Custo salarial total subvencionable
Socorrista	1.144,17 €	397,03 €	1.541,20 €

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Para ser admitidos á realización da selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos xerais e específicos:

Requisitos xerais:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da lei 7/2007 no que respecta ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. En consecuencia non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións do posto de traballo (Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades infecciosas, a obesidade, a cegueira e a xordeira. En mulleres, será igualmente causa de exclusión o embarazo).
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Os traballadores deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
- Ter sido preseleccionado pola oficina pública de emprego.

Requisitos específicos:

- Estar inscrito ou ter solicitada a inscrición (sempre que non transcurrisen máis de tres meses dende a solicitude) no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección instalacións acuáticas) de conformidade co Decreto 104/2012, de 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (DOG n.º 67, de 09/04/2012) modificado polo Decreto 35/2017 do 30 de marzo (DOG n.º 69 de 07/04/2017)
- Estar en posesión de algún das seguintes diplomas ou titulacións que acrediten o título de socorrista acuático:
 - Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas (AFDP0109), establecido polo Real decreto 711/2011, do 20 de maio.
 - Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo establecido polo Real decreto 878/2011, do 24 de xuño, título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Concello de Campo Lameiro

inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

- c. Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas, obtidas a través do procedemento, que desenvolva o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.
- d. Título de Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.
- e. Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V e impartido polas entidades sinaladas na disposición adicional primeira e segunda.

- i) Carecer de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.

A posesión destes requisitos específicos condicionarán a admisión dos candidatos ó proceso selectivo, polo que non poderán ser obxecto de valoración posterior en ningunha das fases a desenvolver.

2.- Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, alo menos, ata a data da súa contratación.

5.- ADMISION DOS ASPIRANTES

O concello de Campo Lameiro solicitará os traballadores/as que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de Emprego de Pontevedra, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados.

Os candidatos enviados pola oficina pública de emprego deberán presentarse nas oficinas do Concello na data indicada na carta remitida pola oficina de emprego e achegar a seguinte documentación

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da inscrición ou da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia na sección de socorristas en instalacións acuáticas .
- Fotocopia da formación mínima establecida no artigo 6 e na Disposición transitoria única do Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. ([DOG núm. 67, do 9/4/2012](#)) modificado polo Decreto 35/2017 do 30 de marzo ([DOG n.º 69 de 07/04/2017](#))
- Acreditación médica de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizalas funcións propias a desenvolver.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Certificado acreditativo sobre a ausencia de antecedentes penais por delitos de

Concello de Campo Lameiro



Concello de Campo Lameiro

natureza sexual

Para a baremación dos criterios sociais e personais en caso de empate:

- Declaración xurada acreditativa dos criterios sociais e personais (Anexo II) xunto con:
 - Libro de familia
 - Sentencia firme de vítimas de violencia de xénero e/ou informe dos Servizos Sociais e/ou CIM, de ser o caso

En relación con estas declaracións xuradas, cómpre suliñar que os/as candidatos/as:

- Autorizan expresamente ao Tribunal a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nestas declaracións,
- Responsabilízase expresamente da veracidade de todos os datos que recolle a documentación aportada en xeral e, especificamente esta declaración, asumindo as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información,
- Comprométense de xeito expreso a comunicar ao Tribunal de forma inmediata e por escrito, calquera circunstancia específica de importancia para a valoración das cargas familiares e/ou o nivel de rendas dentro deste proceso selectivo.
- No caso de que estes documentos non sexan cubertos, non se valorarán as circunstancias nelas contidas.

O requisito de ser persoa candidata remitida pola oficina de emprego de Pontevedra -Bisbarra será comprobado polo Concello de Campo Lameiro mediante listado de persoas candidatas para cada posto de traballo subministrado pola propia oficina, non sendo admitido ao proceso selectivo ningunha persoa que non figure no citado listado.

Os candidatos/as remitidos polo servizo público de emprego constituirán o listado de admitidos/as ó proceso selectivo debendo presentarse a recibir a información previa ó citado proceso selectivo no día, hora e lugar que se lles indique na comunicación que reciban dende a oficina de emprego.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza a posesión dos requisitos establecidos no proceso selectivo, polo que poderá ser esixida xustificación documental previa á formalización dos contratos. Igualmente poderase excluír ós aspirantes que non reunan os requisitos establecidos na convocatoria.

6.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

Establécese o sistema de oposición e entrevista, en virtude da necesidade de que os/as candidatos/as amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir.

As bases da selección publicaranse no taboleiro de anuncios dende o mesmo día da súa aprobación e ata a finalización do proceso selectivo.

Desenvolvemento das probas e programas

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo das probas selectivas convocadas serán determinados polo alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Concello de Campo Lameiro

Unha vez comezadas as probas selectivas será suficiente coa exposición nos locais onde se celebren estas e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

Comezada a práctica do exercicio, os tribunais poderán requirirrlles en calquera momento aos/ás concursantes que acrediten a súa identidade.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

Concluídas as probas, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”.

A selección dos aspirantes realizarase mediante o sistema de concurso-oposición libre que se desenvolverá como segue:

1.- Fase Oposición.- consistirá na realización da seguinte proba:

Cuestionario tipo test: Constará dunha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, na que haberá que contestar a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria anexo durante un período de 20 minutos.

Cada pregunta acertada puntuará 0,10 puntos, non contabilizando o resto das preguntas.

Calificarase de 0 a 10 puntos.

2.- Fase de Entrevista: a entrevista ten carácter obrigatorio e versará sobre o desenvolvemento das funcións e contidos relacionados co posto de traballo.

A entrevista valorarase de 0 a 6 puntos

A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e entrevista.

CRITERIOS EN CASO DE EMPATE NA PUNTUACIÓN ACADADA

En caso de empate entre as persoas candidatas, decidirase a selección outorgando preferencia aos colectivos prioritarios establecidos nas bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2019 publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 18 de decembro de 2018. A orde de preferencia será a seguinte:

- a) As vítimas de violencia de xénero.
- b) As persoas candidatas maiores de 45 anos
- c) As persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas ou fillos a cargo
- d) As persoas candidatas con niveis de renda máis baixa



Concello de Campo Lameiro

- e) As persoas candidatas con cargas familiares

Para a xustificación das circunstancias o/a candidato/a deberá presentar polo Rexistro xeral do concello a seguinte documentación

- a) Víctimas de violencia de xénero: acreditarase mediante sentenza firme e/ou orde de protección, informe dos Servizos Sociais e/ou CIM, de ser o caso
- b) Persoas maiores de 45 anos: acreditarase co DNI
- c) Familias monoparentais: acreditarase co libro de familia
- d) Nivel de rendas e cargas familiares: comprobarase mediante Declaración xurada presentada por cada candidato/a
- e) Existencia de cargas familiares, terán tal consideración todas as persoas integrantes da unidade de convivencia recollida na Declaración Xurada que presente cada candidato/a ao posto de traballo, que carezan de rendas, (entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrata e sen que perciban ningún tipo de ingresos: fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, ou menores acollidos/as).

7- LISTAXE DE CONTRATACIÓNS E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

Unha vez rematado o proceso selectivo elaborárase unha listaxe de persoas candidatas á contratación, ordenadas segundo a puntuación que obtiveran no proceso de selección, de maior a menor. O chamamento dos aspirantes para a súa contratación realizarase segundo esta orde de puntuación. O Tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

A listaxe de persoas candidatas, pola súa orde de puntuación, poderá ser utilizada tamén para cubrir as posibles baixas definitivas e tamén as posibles substitucións temporais (incapacidade temporal, maternidade, paternidade...) das persoas candidatas inicialmente seleccionadas e contratadas.

8.- Tribunal cualificador.-

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 ou no artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo.

Os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 30/1992.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para a celebración das probas.

Concello de Campo Lameiro



Concello de Campo Lameiro

9.- Impugnación da convocatoria e incidencias.

O feito de presentar instancias solicitando tomar parte na convocatoria constitúe sometemento expreso dos aspirantes ás presentes bases reguladora da mesma.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas polos interesados, nos casos, formas e prazos establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Anexo temario da convocatoria

Tema 1. Primeiros Auxilios.

Tema 2. O Socorrismo acuático. Concepto, obxectivos e límites

Tema 3. A vixilancia.

Tema 4. Temas de traslado de accidentados no medio acuático.

Tema 5. Técnicas para entrar na auga

Tema 6. O mergullo

Tema 7. Os espazos acuáticos: características e diferenzas de interese no socorrismo acuático.

Tema 8. O número de atención de emerxencias 112

Tema 9. ORDE do 14 de maio de 2012 pola que se regula o modelo de distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia

Tema 10. DECRETO 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, e DECRETO 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Tema 11. Real Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.